

Entroidos de Interese Turístico de Galicia

Páxinas VII, VIII e IX



FITUR coñece o Xeodestino Condado Paradanta

Páxina X



San Nomedio Paraje Starlight

Páxina X



Networking empresarial Galicia- Norte de Portugal

Páxina XIII



Salvaterra dixitaliza o sistema integral de auga

Páxina XI



Aceleradora pioneira en Seguridade e Defensa

Páxina XVI



Entroidos do Oriente Ourense, Festa de Interese Turístico Nacional

Páxina IV

En marcha "Tui-Salaterra Cultura Compartida"

Páxina VI



Celebre con nós o Entroido

Calle San Miguel, 12. 32002 Ourense
Información e reservas 988 236 006 / 636 727 585
info@sanmiguelourense.com

OURENSE

A Orquestra Mondragón, King África e Leticia Sabater no entroido da capital

O Concello de Ourense presenta a programación do Entroido 2026, cunha morea de actividades para todos os públicos que se desenvolverán do 12 ao 18 de febreiro. Os concertos da Orquestra Mondragón e King África son dúas das principais propostas musicais, xunto coas actuacións doutras grandes orquestras e grupos, sesións de DJs e a animación diaria de charangas e batucadas polo centro histórico.

O programa ten un ano máis un dos seus eixos centrais no desfile de comparsas e carrozas que percorreren as rúas da cidade o domingo 15 pola tarde, e rematará o mércores co tradicional Enterro da Sardiña. Así mesmo, haberá concertos e actividades específicas para o público infantil.

Programación

Xoves, 12. Charanga Felga e Charanga Calíqueños: 20.00 a 23.00 h (Centro histórico). Sesión 80's (DJ Pancho e DJ Gonzalo): 23.00 h (Praza de Santa Eufemia). Sesión DJ A Gramola (con Leticia Sabater, Adri, Diego Mirón e Pablo

Marques): 23.59 h (Praza Maior). Charanga Tattoo e batucada Vilatuke: 23.00 a 02.00 h (Centro histórico).

Venres, 13. Charanga Nova Terra de Trives e Charanga Tattoo: 20.00 a 23.00 h (Centro histórico). Orquestra Origen: 20.00 a 23.00 h (Praza Maior). Saúdo do alcalde: 20.30 h (Praza Maior). Charanga Alambique e Charanga Tamega: 22.00 a 01.00 h (Centro Histórico). Charanga CLK e Batucada Vilatuke: 00.00 a 03.00 h (Centro Histórico). Sesión DJ: 00.30 h (Praza do Correxidor). Banda Festicultores Troupe: 01.00 h (Praza de Santa Eufemia).

Sábado, 14. Charanga Calíqueños (Sesión vermú): 12.00 a 15.00 h (Praza Maior). Maquillaxe e concerto infantil con Oviravai: 17.00 h (Praza Maior). Charanga CLK e Charanga Bandidos Band: 18.00 a 21.00 h (Centro Histórico). Trío Somoza: 19.00 h (Praza de Santa Eufemia). Charanga Nova Terra de Trives e Batucada Perqtos: 21.00 a 00.00 h (Centro Histórico). Grupo Los Coleguitas: 21.00 h (Praza Maior). DJ Pancho e DJ Rocha: 23.00 h (Praza de

Santa Eufemia). Sesión DJ A Gramola (con Alexis, Villi e Eric García): 23.59 h (Praza Maior). Orquestra Função Pública: 23.59 h (Rúa do Progreso). Charanga Alambique, Batucada Vilatuke e Charanga Brexit: 23.30 a 02.30 h (Centro Histórico). Sesión DJ: 00.30 h (Praza do Correxidor).

Domingo, 15. Charanga BCB (Sesión vermú): 12.00 a 15.00 h (Praza Maior). Desfile de comparsas e carrozas: 16.30 h (Rúas da cidade). Orquestra Kubo: 18.00 h (Rúa do Progreso). Entrega de premios do concurso de comparsas e carrozas: 20.00 h (Rúa do Progreso). King África: 20.30 h (Rúa do Progreso).

Luns, 16. Maquillaxe e concerto infantil con Uxía Lambona: 17.00 h (Praza maior). Charanga Bandidos Band e Charanga CLK: 18.00 a 21.00 h (Centro Histórico). Grupo Los Coleguitas: 19.00 h (Praza de Santa Eufemia). Charanga Brexit e Charanga Felga: 21.00 a 00.00 h (Centro Histórico). Charanga Tamega: 21.00 h (Praza Maior). Trío Somoza: 21.00 h (Praza de Santa Eufemia). DJ Gonzalo e DJ Rocha: 23.00 h (Praza de Santa



Eufemia). Sesión DJ A Gramola (con Groove Amigos, Marcos Gramola e Jennifer Cach): 23.59 h (Rúa do Progreso). Orquestra Mondragón: 23.59 h (Praza Maior). Charanga Europa, Batucada Tupá, Charanga Dr. Anchoa e Charanga Sorcha: 23.30 a 02.30 h (Centro Histórico). Sesión DJ: 00.30 h (Praza do Correxidor).

Martes, 17. Charanga Tattoo (Sesión vermú): 12.00 a 15.00 h (Praza Maior). Maquillaxe, concerto infantil con DJ Tibu e reparto de

caramelos: 17.00 h (Praza de Santa Eufemia). Charanga Calíqueños e Charanga Caña Aquí: 17.30 a 19.00 h (Centro Histórico). Reparto de Orelas de Entroido: 18.30 h (Praza Maior e xardíns do Bispo Cesáreo). Orquestra París de Noia: 19.00 h (Rúa do Progreso).

Mércores, 18. Enterro da Sardiña (coa Charanga Felga e a Charanga Caña Aquí): 20.00 h (Dende a Praza Maior ata o parque de San Lázaro).



Programa do Entroido do Inorde

A Deputación de Ourense, a través do Inorde, edita o Programa Provincial do Entroido 2026, unha publicación que será distribuída en locais de hostalería e oficinas de Turismo de toda a provincia para promocionar esta celebración etnográfica entre a veciñanza e os visitantes.

Esta publicación que a Deputación edita desde 2017, recompila os máis de 350 actos previstos en máis de 65 localidades de 39 concellos da provincia, a celebrar entre o 7 e o 22 de febreiro, aínda que en case todos os municipios ourensáns contan con algún evento ao redor desta celebración tan senlleira.

Once entroidos galegos contan coa Declaración de Festa de Interese Turístico, dos cales sete de eles están na provincia de Ourense. Actualmente, o de Xinzo é de Interese Turístico Internacional, o de Verín de Interese Turístico Nacional, aos que se sumaron nesta edición por primeira



vez, os de Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso, e os de Maceda e Laza son de Interese Turístico Galego.

Máis información na nosa web
www.novasdоеixoatlantico.com

A Ponte, Seixalbo e As Eiroás organizan os seus entroidos

Un ano máis, a oferta festiva da cidade refórzase coa programación dos entroidos dos barrios: A Ponte, Seixalbo e As Eiroás. Frei Canedo da Ponte será do 12 ao 16 de febreiro coa seguinte programación: xoves 12: Cea de comadres (21.30 h, Carpa do parque de Ribeira de Canedo - disface feminino imprescindible) e baile de disfraces (23.00 h). Venres 13: Festa DJs coñecidos da cidade e do barrio (A partir das 22.00 h). Sábado 14: Pasarrúas (12.00 h), baile infantil (18.00 h), baile con DJ (21.00 h) e Baila coa orquestra La Noria (23.00 h). Domingo 15 (Día das Crianzas): Xogos e obradoiro de queixos (11.00 h), sesión vermú (12.00 h), xantar popular (13.30 h), espectáculo infantil (19.30 h) e concerto de Santa Compañía (22.00 h). Luns 16 (Día Grande): Pasarrúas (12.00 h), actos solemnes (19.30 h: purificación, sermón e bendición), procesión (20.00 h), premios (21.30 h), cea (22.00 h), música DJ (22.15 h), fogos artificiais (23.55 h) e orquestra Solara (24.00 h).

No barrio de Seixalbo celebra o Entroido os días 8, 13, 15 e



17 de febreiro con actividades aí repartidas. Domingo 8 (Domingo Oleiro): Recollida de Mecos (16.30 h), pasarrúas, xogo de olas e piñatas (18.00 h), chocolatada e Charanga Tatoo (20.00 h). Venres 13 (Día da Rapazada): Pasarrúas (11.00 h), baile na Praza Maior co CEIP de Seixalbo e Charanga Brexit. Domingo 15: Sesión Vermú (13.30 h), Gran Cocido Bacanal (14.00 h), baile de máscaras (16.30 h) coa Charanga Dr. Anchoa e orquestra La Oca Band. Martes 17: Pasarrúas (16.30 h), pregón (17.30 h), festa das comparsas, orellada (19.00 h), queima dos Mecos (20.00 h) con Charangas Brexit, Sorchá e DJ Deluxe.

Nas Eiroás as datas sinaladas

son: 1, 6, 7, 8, 9, 14 e 17 de febreiro. Domingo 1: Recepción do Meco e Farelo con Charanga Sorchá (17.00 h). Venres 6 e Sábado 7: Obradoiro de pintado de olas (17.00 h), no centro comercial Ponte Vella e local da asociación veciñal, respectivamente. Domingo 8: Xogo das Olas con Charanga Alambique (17.00 h). Luns 9: Concurso de disfraces no C.C. Ponte Vella. Sábado 14: Luscofusco Folión do Entroido con máscaras e música. Martes 17: Pasarrúas (11.00 a 13.00 h), Voda da Pita (13.00 h) con Charanga Doctor Anchoa, Xantar dos noivos, baile con orquestra Ocaband, pasarela de disfraces, reparto de orellas e queima do Meco (21.00 h).

Comparsas e carrozas

O Concello de Ourense incentiva a participación no Desfile do domingo de Entroido (15 de febreiro), cun concurso que repartirá 25.000 euros en premios ás mellores comparsas e carrozas. A xunta de goberno Local aprobou nunha sesión extraordinaria as bases e a convocatoria. O 13 de xaneiro abriuse o prazo de inscrición para que poidan anotarse as asociacións veciñais, culturais e xuvenís, grupos, colexios e outras agrupacións que o desexen, sempre que presenten a súa solicitude antes do día 10 de febreiro ás 14.00 horas.

O goberno municipal mantén a súa aposta polo Desfile do Entroido, que volverá repartir 25.000 euros en galardóns, coa finalidade de fomentar a participación nunha das citas máis atractivas do Entroido da cidade. O alcalde de Ourense, Gonzalo Jácome, explica que “o ano pasado aumentamos a contía dos premios, deu bo resultado e os mantemos para este ano. É o mellor desfile do Entroido de Galicia, o que máis público ten, o de máis calidade e o que ten mellores premios. Na cidade, xunto cos entroidos de toda a provincia, estamos facendo o mellor Entroido do norte de España, con moita diferenza”, asegura.



O concurso repartirá premios de até 1.500 euros para a mellor comparsa e de até 1.000 euros para a mellor carroza. Comparsas con máis de 10 compoñentes: 1º premio 1.500 €. 2º premio 1.000 €. 3º premio 800 €. 4º premio 500 €. Comparsas con menos de 10 compoñentes: 1º premio 500 €. Especiais Comparsas. Máis numerosa 500 €. Máis enxeñosa 500 €. Carrozas: Mellor deseño, execución e posta en escena 1.000 €.

Tamén haberá axudas para todos os grupos participantes que completen o desfile e non acaden ningún premio, ata un máximo de 17.200 €: No caso das carrozas, 200 euros para cada unha. No caso das comparsas de 5 a 9 compoñentes recibirán 100 €; de 10 a 29 compoñentes, 200 €; de 30 a 49 compoñentes, 300 € e de 50 compoñentes en adiante, 400 €.



Bar Orellas

O Entroido ten corazón: Praza do Ferro.
O Entroido ten sabor: Bar Orellas.

Santo Domingo, 2 - 988 37 25 59 - Ourense



OURENSE

Entroidos do Oriente Ourense, Festa de Interese Turístico Nacional

Os Entroidos dos municipios de Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso, foron presentados por primeira vez en Fitur, tras lograr este ano a súa distinción conxunta como Festa de Interese Turístico Nacional. A presentación correu a cargo do presidente da Deputación de Ourense, #Luis Menor; do director da Axencia de Turismo de Galicia, Xosé Merelles; e dos alcaldes dos tres municipios participantes, Pedro Yáñez (Manzaneda), Germán García (Viana do Bolo) e Melisa Macía (Vilariño de Conso).

Esta declaración reconece o carácter ancestral, a singularidade e os valores culturais e patrimoniais únicos destas celebracións. A denominación conxunta de “Entroidos do Oriente Ourense” obedece non só á súa proximidade xeográfica, senón tamén á súa



conexión humana xa que, os veciños de cada un destes municipios participan activamente nas celebracións dos outros concellos. O presidente provincial lembrou que o Entroido é sinónimo de “tradición, cultura, arraigamento, identidade, pero tamén de unión e de cooperación, como o demostran estes tres lugares máxicos, nos que toda a súa poboación

implicase para que sexan un éxito”. No caso de Manzaneda falamos da tradicional “Mázcara”, mentres que en Vilariño de Conso e Viana do Bolo está a figura do “Boteiro”. Ambos son personaxes que identifican cada un destes entroidos únicos, cuxos orixes se perden no tempo. Nese caso un trazo común ás celebracións dos tres

municipios é que contan con “folión”, o acompañamento musical que vai marcando o ritmo de cada un dos seus propios desfiles. Estes tres Entroidos son “exemplo vivo de memoria e identidade, transmitida de xeración en xeración e agora compartida tamén con quen se achega a gozar dos Entroidos, cos que abrimos o calendario de celebracións en Galicia, contribuíndo así á tan necesaria desestacionalización turística”, destacou #Luis Menor. Nos últimos anos, tanto os municipios e asociacións dos Entroidos do Macizo central, viñeron coordinando os seus esforzos para facer un programa complementario de modo que, o Día grande en Vilariño de Conso é o sábado coincidindo coa Festa do Cabrito, ademais do tradicional desfile de máscaras. En Viana é o “Domingo gordo” que coincide coa Festa da

Androlla” e o día grande de Fulión en Manzaneda é o Martes de Entroido. Cabe destacar que dos once entroidos galegos que contan con declaración de Festa de Interese Turístico, sete deles están na provincia de Ourense. Deste xeito, Xinzo (Interese Turístico Internacional); Verín, Manzaneda, Viana do Bolo e Vilariño de Conso (Interese Turístico Nacional), e Maceda e Laza (Interese Turístico Galego). Durante a presentación estreouse un vídeo realizado desde a Deputación de Ourense, a través do Inorde, coa colaboración das asociacións de boteiros e máscaras. Un vídeo que pretende evocar o sentimento de arraigamento daqueles que conservan as tradicións neste oriente ourensán, así como poñer en valor a riqueza natural deste territorio.

Museo Galego do Entroido

Museo Galego do Entroido, situado en Xinzo de Limia, reabriu coincidindo coas datas desta tradicional celebración, ata o mes de xuño. Deputación de Ourense, Xunta de Galicia e Concello de Xinzo de Limia están a traballar na redacción dun convenio que permita manter

aberto o museo durante todo o ano. Luís Menor, presidente da Deputación, trasladou a súa confianza nunha solución definitiva para un museo “que ben merece o Entroido, como parte da nosa identidade e tradición”, así como Xinzo de Limia por se tratar dunha

festa declarada de interese turístico internacional. Ata o momento, o Museo Galego do Entroido permanecía pechado, acoollendo visitas e actividades puntuais, principalmente de colexios, a través da xestión directa do Concello de Xinzo de Limia e da Deputación de Ourense.





TABERNA A LAREIRA

Churrasco. Parrillada. Polbo.

Tfno 617 64 93 88.

Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

Bar Limia

Sellado de quinielas

Petiscos coa consumición

Rúa Ervedelo, 100.

O Couto (Ourense)



Tapas revoltos montados

ALPENDRE PULPO

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. Ourense



O Capricho

CASCO HISTÓRICO OURENSE

Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE

Tfno. 988 981 601



Entroido Ribeirao de Interese etnográfico



O Concello de Chantada, co obxectivo de promocionar e conservar as tradicións vinculadas co Entroido, organiza o Desfile de Comparsas que se celebrará o sábado, 14 de febreiro; ademais de colaborar tamén co Entroido Ribeirao, de especial interese polo seu carácter etnográfico e que comeza as celebracións o día 1 de febreiro. O Desfile de Comparsas ao que o concello destina 6.000€, 5.000€ en premios e 1.000 € en axudas, comezará ás 18:00h na Avda de Lugo, á altura da DomusVI para rematar na Praza de Galicia onde a actuación da orquestra La Travesía porá o punto e final á celebración.

Para participar recóllense dúas categorías: Comparsas Adultos para aqueles grupos formados por máis de 15 persoas e Comparsas Infantil, grupos de máis de 15 persoas for-

mados íntegramente por menores de 14 anos, ou que máis dun 70 % dos seus membros sexan menores desta idade. Nas dúas categorías establécense os seguintes premios: 1º Premio: 700,00 €. 2º Premio: 500,00 €. 3º Premio: 300,00 €.

Por segundo ano inclúense premios locais, que serán compatibles cos anteriores e que repartirán as seguintes cantidades tanto nas Comparsas de adultos locais como nas de infantil locais: 1º Premio: 500,00 €. 2º Premio: 300,00 €. 3º Premio: 200,00 €.

Os personaxes do Entroido Ribeirao saíran en Santiago da Riba (Chantada) nestas datas: o 1 de febreiro, Domingo Oleiro; o 8, Domingo Corredoiro; e o 15 de febreiro, Domingo de Entroido. O 17 de febreiro participarán no desfile do Martes de Entroido en Chantada.

Comadres e compadres no Entroido escolar de Ourense



A Concellería de Educación xa ten todo listo para dar a saída ao Entroido escolar. O vindeiro 12 de febreiro, a Praza Maior converterase no epicentro da festa coa celebración do tradicional Xoves de Comadres, unha cita que recupera as raíces da nosa cultura popular entre os máis cativos.

Nesta edición participarán aproximadamente 340 alumnos e alumnas de 1º, 2º, 3º e 4º curso de Educación Primaria, así como de Educación Especial, procedentes de oito centros de ensino da cidade: Vistahermosa, Mestre Vide, Manuel Sueiro, As Mercedes, O Couto, Maristas e o CEE Miño.

Para garantir que a tradición se manteña viva e con rigor, os días previos á celebración realizaranse nos propios colexios diversos obradoiros

impartidos por persoal especializado. Nestas sesións, o alumnado contará con todo o material necesario para elaborar os seus compadres e comadres, aprendendo o significado histórico desta festividade.

O evento principal do día 12 de febreiro terá lugar entre as 11.30 h e as 13.00 h. A programación prevista para a mañá na Praza Maior inclúe: 11.30 h: Inicio das loitas de compadres, nas que as nenas deberán defender as súas figuras ante os intentos dos nenos por facerse con elas. 12.00 h: Quenda para as loitas de comadres, onde os nenos asumirán o papel de protectores das súas figuras fronte ás nenas.

A xornada estará amenizada con música en directo e actividades de dinamización, creando un ambiente de ledicia e convivencia.



**Café
Maio**

988 10 10 63 .Rúa Velázquez, 29. OURENSE



Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
Tfns 606807897 - 660047602
info@adegavella.com



el París
abril 1981

Pedidos por whatsapp:
621 341 998

Lepanto, 9
Ourense



Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O BNG contribúe conxelar o Tratado da UE co MERCOSUR

A Unión Europea (UE) adoita ser acedamente criticada-con toda a razón-polo seu evidente déficit democrático, pois que as decisións lexislativas son adoptadas, en grande medida, polos gobernos dos Estados Membros (EM) no Consello Europeo, que tamén elixen ás persoas que integran a Comisión Europea, que constitúe o Executivo da UE. En realidade o Consello Europeo codecide na lexislación co Parlamento Europeo (PE) que é o representante do conxunto da cidadanía europea. En calquera caso, estamos lonxe dunha Europa dos pobos e nacións (no canto da actual Europa dos Estados) e da cidadanía.

Mais constitúen vantaxes da arquitectura constitucional europea tanto a relevancia do Dereito na mesma, aplicado por un sistema xudicial que ten o seu cumio no Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) como o sistema xurídico de controis e equilibrios ("checks and balances") desa arquitectura. Nese sistema insírese a posibilidade de que tanto a Comisión Europea como o Consello Europeo, calquera dos

EM ou o PE a medio de maioría simple poida adiar a ratificación de calquera acordo ou tratado internacional da UE con terceiros Estados ou organizacións supraestatais até que o TXUE emita un ditame previo e preventivo a respecto da "constitucionalidade" europea dese acordo ou tratado, é dicir, a compatibilidade cos Tratados da UE e de Funcionamento da UE (TUE e TFUE). Se o TXUE declara a "inconstitucionalidade" parcial do Tratado do MERCOSUR habería que acordar co MERCOSUR un novo tratado modificado que cumprise cos requisitos legais do ditame do TXUE ou se esquecer do Tratado.

O mércores 21-X 334votos do PE a prol, 324 en contra e 11 abstencións decidiron reclamar do TXUE este ditame, suspendendo, xa que logo, o proceso de ratificación do Tratado co MERCOSUR, xa asinado días antes polo presidente do Consello Europeo e maila presidenta da Comisión Europea na capital do Paraguai.

Un destes 334 votos a prol foi a da eurodeputada do BNG, Ana Miranda, única representante galega (das catro existentes)

que votou nese senso, fronte aos dous eurodeputados do PPdeG e o deputado do PSdeG que votaron en contra e, xa que logo, a prol da inmediata vixencia, agora frustrada, do Tratado da UE co MERCOSUR.

Ana Miranda xogou un papel de articulación e lobby técnico-político fundamental. A súa estratexia baseouse tanto na conexión co sector, actuando como a súa embaixadora en Bruxelas e achegando informes técnicos sobre o impacto do acordo nas explotacións de carne e outros subsectores directamente ás comisións de Agricultura e Comercio Internacional do PE como no seu traballo no grupo dos Verdes/Alianza Libre Europea no que como vicepresidenta insistiu en que a oposición ao MERCOSUR non podía ser só política, senón que debía ter alicerces xurídicos sólidos a medio da reclamación por maioría do PE deste ditame ao TXUE, prevista no artigo 218.11 do TFUE.

O TXUE ten de decidir agora se existen contidos contrarios á soberanía lexislativa europea (como o compromiso do proxecto de Tratado agora suspendido de non introducir novas restricións sanitarias ou ambientais no futuro), vulneración do principio constitucional europeo de precaución ambiental e sanitaria, ruptura da cohesión territorial e social ou incumprimento de obrigas climáticas vincu-

lantes asumidas pola UE ao abeiro do Acordo de París. Mais tamén haberá decidir se algúns dos contidos do Tratado comercial (que se aproba por maioría cualificada do 55% dos EM que acaden o 65% da poboación da UE, como dixemos nestas páxinas hai poucos días) pertencen, en realidade, ao perímetro de materias que requiren da unanimidade dos EM (acordos sobre investimentos e xurisdicións aplicábeis, etc.), imposíbel de acadar no futuro co texto actual, á vista do rexeitamento austríaco, húngaro, irlandés, francés e valón.

Esta vía era a única posíbel para "conxelar" un proceso que a Comisión Europea (canda o PP e o PSOE) quería pechar pola vía rápida E o BNG e a súa eurodeputada Ana Miranda acadárono. Non só no favor de determinados sectores agrogandeiros galegos, senón do conxunto das persoas consumidoras de Galicia e da UE toda, defendendo tanto a calidade sanitaria dos produtos alimenticios que circulan como a autonomía alimentaria europea.

Hai representacións políticas útiles e outras que son inútiles e o BNG, desta volta, amosou a súa utilidade na fulcral defensa dos intereses galegos na Europa.



ENTROIDOS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA

Turismo de Galicia promociona o Entroido

O Entroido é a festa na que os costumes se relaxan, os roles se inverten e un pode rir de todo.

O Entroido galego (tamén chamado Antroido o Introido, entre outras denominacións), é ademais unha celebración de longa tradición popular, sobre todo na provincia de Ourense. A importancia do Entroido é tal que once carnavaís galegos exhiben con orgullo a cualificación oficial de "Festa de Interese Turístico". E máis de 175 municipios de Galicia decla-

raron festivo o Luns ou Martes de Entroido ou o Mércores de Cinza. Unha celebración por todo o alto á que calquera se pode unir.

Iso si, convén ir disfrazado... do que sexa! Aquí valórase o espírito participativo e as ganas de se divertir. Sen disface un corre o risco de sufrir uns lategazos; de que lle boten fariña ou formigas vivas; ou de ter que invitar a una rolda de vinos. É a lei.

Hai tamén outra lei que se cumpre estritamente: a dos banquetes gastronómicos. Porque en

Galicia o Entroido acompáñase sempre dunha boa mesa. Unha cociña de gorentos pratos que ten como protagonista o porco e de acompañantes as patacas, os grelos e os garavanzos. De sobremesa, filloas, orellas, bica; e de remate, un bo licor café.

En Galicia hai once entroidos que teñen recoñecemento de interese turístico e que reciben o apoio e o impulso da Xunta:

Un é Festa de Interés Turístico Internacional: o Entroido de Xinzo de Limia (coas pantallas)

Dúas son Festas de Interés Turístico Nacional: o Entroido de Verín (cos cigarróns) e os Entroidos do Oriente Ourensán, que agrupan tres: o Entroido de Viana do Bolo (co boteiro e a androlla), o Folión Tradicional do Entroido de Manzaneda (coas mázcaras) e o Entroido de Vilariño de Conso (co boteiro).

Seis delas teñen o recoñecemento de Festas de Galicia de Interese Turístico: o Entroido de Cobres (coas damas e os galáns), o Entroido de Laza (cos seus peli-

queiros), os Xenerais do Ulla, o Entroido de Maceda (cos felos), o Entroido de Foz (cun espectacular desfile) e o Enterro da Sardiña en Marín (coa Ladaíña na praza do Reloxo).

Turismo de Galicia publica un pdf coa programación detallada de cada un destes entroidos e outro pdf con festas gastronómicas relacionadas co Entroido, dispoñibles na súa web, no enderezo: www.turismo.gal/que-facer/promocions-para-gozar-agora/o-entroido-en-galicia.

ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA

Festa de Interese Turístico Internacional

As "pantallas" son as estrelas deste Entroido. Estas personaxes ancestrais percorren a vila golpeando dúas vexigas de animais, secas e inchadas como globos, impondo a súa lei.

O de Xinzo de Limia é, ademais, o ciclo de carnaval máis longo de toda España, xa que comeza o Domingo Fareleiro (tres antes do Domingo de Entroido) e remata co Domingo de Piñata. Aínda que o Domingo de Entroido a localidade é un fervedoiro de xente de todos os lugares de Galicia, o día grande é o Martes de Entroido, cando ten lugar o desfile de carrozas e comparsas, encabezado por un gran grupo de



"pantallas".

Prazas, bares e tascas da localidade convértense durante estes días nunha continua trou-

la, protagonizada pola xuventude, entre música de charangas e verbenas e pantagruélicos xantares.

ENTROIDO DE VERÍN

Festa de Interese Turístico Nacional

Nesta localidade do oriente ourensán, os "cigarróns" son os protagonistas do Entroido. Fan a súa aparición na vila o Domingo Corredoiro, o anterior ao Domingo de Entroido, tras as misas da mañá, saudando aos fregueses e enchendo o ambiente de maxia e excitación coas súas danzas e o son enxordecedor das súas chocas.

Moitos son os rituais que se suceden nestas lúdicas festas desde semanas antes dos días grandes, como son os protagonizados polos mozos e mozas, enredados en guerras de sexos, nos Xoves de Comadres e de Compadres.

O Luns de Entroido ten lugar en Verín a batalla de fariña,



un síntoma de ruptura das barreiras da vida cotiá, e antigamente un xeito que tiñan os mozos de achegarse ás mozas e chamar a súa atención; e o Martes, o gran desfile de carrozas, comparsas, máscaras e

"cigarróns" polo centro da vila. "Cigarróns", charangas e verbenas animan as rúas e prazas de Verín, que descansa dos excesos do Entroido o Mércores de Cinza, festivo local.

+info:www.entroidoverin.gal

ENTROIDO GASTRONÓMICO

Festas de Interese Turístico

Feira do Cocido de Lalín



O cocido galego é unha exaltación dos atractivos do porco e acompáñase de tenreira, galiña, verduras e garavanzos. E aquí con pan de Lalín.

A feira do Cocido é o domingo anterior ao de Entroido, día 8 de febreiro, e será a 58 edición.

Festa do Botelo

Embutido de porco cunha curación moi curta e só está no seu punto uns días. No xantar colectivo, o 17 de xaneiro no Barco de Valdeorras, cómese con repolo, chourizo, patacas e un bo tinto da D.O. Valdeorras. E de sobremesa, a torta de roxóns.



Festa da Androlla de Viana do Bolo



Embutido de porco típico de Viana, feito con tripa gorda reenchida de costela adubada.

Coincide co Domingo Gordo, 15 de Febreiro, día grande do Entroido de Viana, con gran banquete e desfiles de Folións e Boteiros.

Festa do Lacón con Grelos de Cuntis

Domingo 22, festa dedicada á tan galega parella, lacón e grelos, á que adoitas acompañar cachelos e chourizo, e de sobremesa, unhas deliciosas filloas.

Non perdas o Enterro do Chapante.



Festa da Filloa de Lestedo



As filloas son a sobremesa por excelencia dos carnavaís galegos. Así que en Lestedo, na comarca do Ulla, despiden o Entroido dedicándolle un día de festa. O domingo 22.

Ademais pódese disfrutar do atranque dos Xenerais do Ulla.

ENTROIDOS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA

Entroidos declarados Festa de Interese Turístico de Galicia

OS XENERAIS DA ULLA

Celebración orixinal da comarca da Ulla, con referencias documentadas nos anos 70 do século XIX.

Os personaxes máis relevantes son os xenerais e os correos a cabalo que van disfrazados con vestimentas militares de época e outros adornos tamén nos cabalos. Acompañados de abandonados, coros e comparsas, percorren as parroquias da zona e representan diversas escenas, coñecidos como atranques ou altos. Estes atranques consisten nun enfrontamento dialéctico por parellas no que se fai burla de asuntos sociais de actualidade. As diferentes parroquias presentan incluso singularidades e manteñen os seus trazos definitorios. A espectacularidade deste Entroido tradicional galego logra atraer cada ano a numerosos visitantes á comarca do Ulla.

+info: xeneraisdaulla.gal



ENTROIDO DE FOZ



O Entroido de Foz é sinónimo de arrai-go, sentimento, emoción, humor, transgresión, participación, imaxinación, calidade, vistosidade, festa multicolor...

Entroido de xuventude e veteranía, de peñas, de turutas e comparsas, de multitudinaria participación, que se comeza a desfrutar coa Cea de Coroación da Raíña/Rei de Entroido (dúas semanas antes das datas de Entroido) chegando á

máxima expresión co espectacular desfile de máis de tres horas de duración o sábado de Entroido.

Pero non remata aquí, non. Ademais do impresionante e grandioso desfile: As Comadres, o Pregón, as Coplas, os bailes, o luns de Entroido e o Baile do Farolillo, o Toupourroutou, a queima do Entroido son algunhas das actividades destas Festas.

ENTROIDO DE COBRES



As orixes do Entroido desta parroquia de Vilaboa, na ría de Vigo, remóntanse ata o século XVIII. Aquí, madamas e galáns (mulleres e homes vestidos de branco) e aldeáns representan distintas posicións económicas e roles sociais, tanto mediante as súas vestimentas como pola posición que ocupan nos pases, bailes e exhibicións. Madamas e galáns, moi rechamantes polos seus suntuosos sombreiros e a súa pulcra vestimenta, ocupan a posición social máis elevada, mentres que os aldeáns representan o último elo da cadea e o grupo maioritario.

Todos, iso si, van a cara descuberta.

De sábado a martes, durante todo o día as madamas e galáns percorren distintos lugares das parroquias, acompañados por unha charanga, e agasallan aos presentes cos seus bailes, entre eles a popular Danza de Cobres.

O día grande é o Martes de Entroido, cando pola tarde teñen lugar antigos xogos populares, como o da corrida do galo –con rituais cargados de simbolismo–, o galo no río ou o galo na vara, nos que participa toda a mocidade do lugar.

+info: www.entroidodecobres.com

ENTERRO DA SARDIÑA DE MARIN

O Enterro da Sardiña de Marín xa se celebraba no século XIX. Aínda que foi prohibido desde o ano 1936 ata o ano 1976, véñse celebrando ininterrompidamente ata os nosos días, o Mércores de Cinsa, organizado polo Ateneo Santa Cecilia de Marín.

Esta festa contén aspectos orixinais que a fan diferente doutros “Enterros”. Un exemplo sería a Ladaíña que se le na praza do Reloxo polo axudante e o Bispo, que data de 1893, e a música que toca a banda de música no percorrido é do ano 1903. Remátase co Asolagamento da Sardiña tirándoa o Bispo ao mar no porto de Marín.

Procúrase que a posta en escena da celebración, o atrezzo, así como os uniformes, estandartes (obra do pintor marinense Manuel Torres) das confrarías respecten ao máximo a tradición.



ENTROIDOS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA

ENTROIDO DE LAZA

Son uns dos carnavaís máis enxebres de cantos teñen lugar en Galicia. Ritos e personaxes ancestrais protagonizan o transcorrer destas irreverentes festas que aquí comezan semanas antes dos días grandes de Entroido, con catro Venres de Folión.

Os días de Entroido en Laza discorren entre a praza da Picota, centro neuráxico dos actos do Entroido, e os bares, tomados polos mozos da vila, que crean un ambiente festivo coa súas continuas esmorgas en torno ao bo xantar, o viño, o licor café e as típicas augardentes galegas.

Os “peliqueiros”, armados con zamarras (unha especie de látego, con mango de madeira perfectamente labrado), con seis chocas no cinto, son as personaxes “estrelas” do Entroido e chaman a atención pola súa particular e impecable vestimenta que pode pesar ata quince quilos e as



súas caretas demoníacas adornadas con imaxes de animais. Fan a súa aparición o Domingo de Entroido, despois da misa. Percorren a vila en grupo impondo a súa lei. Pódeselles insultar pero nunca tocar nin encuciar o seu atavío.

Un dos días máis animados é o Luns de Entroido ou “Día da Borralleira”, cando, pola mañá, ten lugar a Farrapada (batalla de trapos untados con barro) e

a Xitanada (procesión de parellas montadas en burros) e, pola tarde, baixa desde Cimadevila a “Morena”, un home cuberto cunha manta e cunha cabeza de vaca que se dedica a levantar as saias das mulleres, axudado pola súa comitiva que lanza sobre a multitude na praza da Picota unha chuva de formigas vivas, en ocasións mesturadas con vinagre e fariña, para poñelas máis rabiosas.

ENTROIDO DOS FELOS DE MACEDA



Son as máscaras emblemáticas do Entroido de Maceda. Unhas figuras pouco coñecidas fóra da zona, pero tan antigas e fascinantes como os seus parentes máis famosos, os peliqueiros de Laza e os cigarróns de Verín. Todos visten dun xeito moi similar, mais o que distingue a simple vista aos felos son as medias negras, en

lugar de brancas. A súa vestimenta é en certo modo máis rústico, máis apegado ás orixes.

Vestirse de felo imprime carácter e só poden facelo os homes solteiros. Son por definición espíritos rebeldes e anárquicos, mais en tempo de Entroido eles son a lei.

+info: felosdemaceda.com



ENTROIDOS DO ORIENTE OURENSÁN
Festa de Interese Turístico Nacional

ENTROIDO DE VILARIÑO DE CONSO

O Entroido dos concellos de Manzaneda, Viana do Bolo, e Vilariño de Conso acadaron este ano o recoñecemento conxunto como Festa de Interese Turístico Nacional.

Esta declaración recoñece o carácter ancestral, a singularidade e os valores culturais e patrimoniais singulares destas celebracións. A denominación conxunta “Entroidos do Oriente Ourensán” reflicte non só a súa proximidade xeográfica senón tamén a súa conexión humana, xa que os veciños de cada un destes concellos participan activamente nas celebracións das outras localidades.

+info: entroidosdelorienteourensano.gal

En Vilariño de Conso celébrase o que moitos consideran o Entroido en estado puro. O Boteiro é a personaxe estelar, é o dirixente do Fulión. O Fulión é un grupo de persoas tocando bombos e gadañas ao mesmo compás. En cada aldea existe un fulión, e uns boteiros que bailan ao seu son e con diferentes tipos de caretas segundo a localidade. A fuliada é unha obra de teatro sátira e pícara dos temas de actualidade: política, relixión ou crítica social do acontecido durante o ano na vila.

Destacado é o domingo Gordo, polo



gran desfile de fulións unido á Festa do Cabrito.

+info: entroidodevilariñodeconso.gal

FESTA DA ANDROLLA E O
ENTROIDO DE VIANA DO BOLO

O Domingo de Entroido a Androlla, embutido típico da comarca de Viana, acompañada de cachelos e gregos, é o produto estrela.

Aquí a personaxe típica é o “boteiro” que, coa súa máscara de madeira de cor negra rematada por unha pantalla con armazón de arame recuberta de tiras de papel de seda de cores e os seus saltos. É o encargado de abrir paso aos folións e manter a orde da comparsa ao son das chocas do seu cinto.

+info: entroidodevianadobolo.gal



FOLIÓN TRADICIONAL DO
ENTROIDO DE MANZANEDA

O son atronador do folión, con bombos, tambores, cencerros e utensilios de labranza metálicos enche a localidade de Manzaneda durante este peculiar pasacalle de entroido, que é acompañado polo seu personaxe tradicional, a “mázcara”.

O gran folión ten lugar o Martes de Entroido, festa local, cando se xuntan na vila os foliones de todas as parroquias formando un impresionante estrondo. Acaba sempre cunha comida popular a base de porco.

+info: entroidodemanzaneda.gal



CONDADO/PARADANTA

Xeodestino Condado Paradanta Enogastronómico en FITUR

No marco do FITUR 2026 en Madrid, o alcalde Horacio Gil, presentou no stand de Turismo de Galicia as iniciativas de Xeodestino Condado Paradanta Enogastronómico e a LXVI edición da Festa da Lamprea a celebrarse a finais de abril.

Destacou produtos como o requeixón, a mel, embutidos tradicionais, os callos e as carnes da serra, rosquillas artesás e os viños de Denominación de Orixe Rías Baixas. No caso da lamprea, Gil indicou que “é a alma gastronómica de Arbo”.



Tamén presentou a programación Arbomostra, a feira agroindustrial e artesanal do Condado Paradanta.

San Nomedio Paraje Starlight

O miradoiro de San Nomedio nas Neves vén de obter a certificación Paraje Starlight, unha distinción concedida pola Deputación de Pontevedra a través do proxecto Visit Rio Minho Plus e que recoñece a excelente calidade do seu ceo



nocturno e as condicións idóneas para a observación astronómica e o astroturismo.

Deste xeito, San Nomedio pasa a formar parte da rede internacional de Parajes Starlight da que xa forma parte tamén o Faro de Avión en Covelo.

Danos polas tormentas nas Neves

As fortes tormentas de xaneiro provocaron importantes danos no alumeadado público de As Neves, cun custo de case 54.500€. O Concello traballa na reposición de 200 luminarias,

ademais de cableado e cadros eléctricos e varios cadros electrónicos queimados.

As zonas que se viron afectadas son: Liñares – Tortoreos (zona da igrexa); Liñares – A Chan; Bruñei-

ras; As Neves – Estación; Estación – Estrada Principal; Guláns; Estación – Aldea; Lamela – Setados; As Neves – Praza; A Folga – Santiago de Ribarteme; Miranciños – Vide; Vide – PO-400; e Requeixo – Vide.

Exposición “Fauna esencial” en Salvaterra

Coa colaboración do Concello, ABANCA e Fundación, Salvaterra acolle no hall da Casa do Concello desde o 4 de febreiro ata o 6 de marzo a

exposición “Fauna salvaxe”, unha viaxe pola beleza e a fragilidade das especies máis representativas do noso medio natural. A exposición tamén forma parte do pro-

grama social “Cultura pola Alimentación”, organizado en colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos.

Desfile de Comparsas de Arbo

O Concello de Arbo celebrará o 15 de febreiro o tradicional Desfile e Concurso de Comparsas do Entroido,


unha das festas máis emblemáticas do municipio, que este ano chega cunha importante novidade: o aumento das contías dos

premios con respecto ao ano 2025, con 600€ como máximo premio.

O cartel da Festa da Lamprea homenaxea ás mulleres

O Concello de Arbo presentou oficialmente o cartel anunciador da LXVI edición da Festa da Lamprea, baixo o lema “Unha homenaxe ás Mulleres”.

O cartel foi obra do deseñador murciano Rubén Lucas e representa as principais sinais de identidade do municipio: a lamprea, o viño, as redes das pesqueiras, o río Miño, a Ponte Románica de Mourentán, todos eles integrados e vencellados ao rostro dunha muller. O xurado estivo composto por distintas personalidades dos ámbitos cultural,



social, das adegas e hostalería arvenses.

Solicitud de composteiros domésticos

O Concello de Arbo abriu un novo prazo para a solicitude de composteiros domésticos, no marco da súa política de fomento da reciclaxe e da correcta xestión dos residuos orgánicos coa cooperación de SOGAMA.

Esta nova remesa permitirá que 25 fogares do municipio poidan incorporar este sistema de reciclaxe doméstico. Dende o inicio da campaña en 2021, o Concello leva repartidos arredor de 400 composteiros.

Carteis da Festa da Lamprea Seca

O Concello de Arbo anunciou a convocatoria do XIII Certame de Carteis “Brais Alonso”, co obxectivo de seleccionar a imaxe oficial da XXXI Festa da Lamprea Seca, que se celebrará os días 7, 8 e 9 de

agosto de 2026. Os premios están valorados en: primeiro premio: 500€; segundo premio: 300€; terceiro premio: 200€. O prazo de presentación dos traballos finalizará o 2 de marzo de 2026.

Certame fotográfico

O Concello de Arbo ven de convocar o VI Certame de Fotografía “LXVI Festa da Lamprea” cunha temática orredor da Festa da Lam-

prea, os valores culturais, gastronomía, patrimonio, río Miño, natureza ou paisaxe. O fin do prazo para presentar as fotografías é o 16 de marzo.

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupoolong.com www.grupoolong.com

A BROA
CAFETERIA

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Dixitalización do sistema integral da auga

O Concello de Salvaterra entrou na selección da primeira fase do proxecto “Desenvolvemento, implantación e posta en marcha dunha rede autonómica de estacións dixitais de monitorización de sistemas de abastecemento de auga potable en alta” convocada no ano 2024.

Neste sentido, a Alcaldesa Marta Valcárcel mantivo a primeira reunión cos representantes das comunidades de auga do municipio para acordar as actuacións na captación ubicada en Ponte Cordeiro, mediante a implantación dunha medición e rexistros de caudais captados no bombeo e unha estación de medición e re-



xistro de sinais en estación de tratamento de auga potable e monitorización de consumos enerxéticos na ETAP e nos depósitos ademais da medición e rexistro

de niveis e caudais realizárase a medición de cloro e turbidez con subministración eléctrica. O total de obras a realizar están valoradas en máis de 40.000€.

Reformas na EBAR

O Concello de Salvaterra ven de rematar as obras de dixitalización de catro estacións de bombeo de augas residuais (EBAR) EN Fornelos, Cordeiro, Pesqueiras e Alxén. O proxecto ascende a máis de 60.000€, dos que o Concello achegou 18.000€ e Xunta outros 44.440,19€. no marco dos fondos europeos NEXGENERATION.



As obras, que se levaron a cabo tras unha auditoría realizada polo Concello en 2024, incluíron a substitución dos cadros eléctricos, instalando un sistema de telexestión e supervisión remota de funcionamento e fallos do mesmo, un sistema de visualización de nivel e un sistema de control de niveis.

Pavimentación na parroquia de Alxén

O Concello de Salvaterra ven de rematar as obras enmarcadas dentro da anualidade 2026 do Plan Camiña Rural, cun investimento de máis de 68.000€ financiado por AGADER.

Os traballos incluíron a mellora

de firme en Cotodouro, coa limpeza das marxes e apertura de cunetas existentes ao longo dos 235 metros de lonxitude que abarca a actuación, e cun ensanche importante en máis da metade do camiño co fin de permitir un tránsito cómodo e seguro. Poste-

riormente procedeuse á compactación da capa de asfalto, un total de 1.256,25 m², aumentando a anchura media do camiño ata uns 5,35 m coa creación de 115 m de cuneta de formigón, así como o pintado da sinalización horizontal.

Novo contrato do SAT

O Concello de Salvaterra de Miño ven de asinar o contrato para a prestación do Servizo de Atención Temperá (SAT), dirixido á poboación

infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e ao seu contorno, nos Concellos de Arbo, Salvaterra de Miño e Crecente despois de Salvaterra de Miño pasara a ser o

concello cabeceira do servizo compartido. Un contrato de preto de 300.000 euros por 15 meses coa posibilidade de prórroga por 12 meses máis.

O CEIP Plurilingüe de Leirado, premiado por innovación e inclusión



O CEIP Plurilingüe de Leirado en Salvaterra ven de recibir dous importantes recoñecementos por parte da Xunta en materia de innovación educativa, da competencia lectora e da inclusión.

O centro foi galardoado no XI Concurso de Traballos por Proxectos, convocado pola Di-

rección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no marco do Plan LIA de Bibliotecas Escolares, polo proxecto titulado “Imos facer historia: aprendendo do pasado, comprendendo o presente e construíndo o futuro!”. Así mesmo, o centro foi distinguido pola Prácticas de Educación Inclusiva 2025.

Enterro da Lamprea

O Concello de Salvaterra abriu o prazo de inscrición dende o 19 de xaneiro ata o 2 de febreiro para todos aqueles que queiran participar como comparsa ou carroza no Enterro da Lamprea 2026 que se celebrará o 21 de febreiro. Só se poderá inscribir unha comparsa ou carroza por asociación ou persoa.

O desfile partirá da rúa Rosalía

de Castro para rematar na Praza do Concello. As modalidades son categoría de Carroza aquelas carrozas que teñan como mínimo 25 participantes e unhas dimensións mínimas de 5 m de largo e categoría de Comparsa as que teñan un mínimo de 20 membros. Os premios a participación oscilarán entre os 100 e os 600€, dependendo da categoría e da cantidade de participantes.

VI Ciclo de Cine de Inverno

D esde o 7 de febreiro ata o 1 de marzo, o Concello de Salvaterra celebrará a 6ª edición do Ciclo Cine de Inverno, un evento totalmente gratuíto na Casa da Cultura. Os sábados ás 22:00 horas

serán películas para o público adulto mentres que os domingos ás 17:30 horas dirixidas ó público infantil.

Na oferta cinematográfica destacan a proxección de Cónclave e Robot Salvaje.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

0 REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

Talleres Guiller Motor

Pozo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

(SPG) TALLERES

LA OJIVA

ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño

Tel: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

En marcha “Tui-Salvaterra Cultura Compartida”

O Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e a Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, celebraron a primeira reunión de coordinación para a posta en marcha do Plan de Actuación Integrado “Tui-Salvaterra Cultura Compartida”.

O proxecto destaca polo seu enfoque de cooperación intermunicipal, gobernanza compartida, mobilidade urbana, sostibilidade e transformación do territorio. A xestión corresponde á Dirección Xeral de Fondos Europeos, e supón un investimento histórico para



impulsar estratexias de desenvolvemento urbano e territorial sostible.

En concreto este proxecto per-

mitirá mobilizar 7,2M€ nestes dous municipios, dos que 4,3 millóns de euros serán financiados con fondos europeos.

Punto Limpo Móbil polas parroquias

O concelleiro de Medio Ambiente Ismael Diz informou que o Concello comezou o percorrido ata mediados de abril polas parroquias tudenses do punto limpo móbil co obxectivo de facilitar á veciñanza a reciclaxe sen ter que desprazarse no caso de pequenos residuos até o punto limpo municipal situado en Guillarei.

Neste punto limpo móbil pódense reciclar até 14 tipos de residuos: pequenos electrodomésticos; radiografías; tubos fluorescentes; lámpadas; aceites de co-



ciña usados; aerosois e envases de pinturas e vernices; cargadores e auriculares. As parroquias polas que se realizará o percorrido son

nesta orde Malvas, Pexegueiro, Randufe, Areas, Rebordáns, Ribadelouro, Guillarei, Paramos, Baldráns e Caldelas.

Calendario deportivo da Eurocidade

A Eurocidade Tui-Valença presentou o seu calendario deportivo para este ano 2026, formado por catorce eventos de 10 modalidades deportivas que conforman unha programación única en Europa compartida entre dous municipios de dous países.

Até decembro máis de 8.000 persoas participarán nas distintas probas previstas que suporán un investimento superior aos 65.000€, destacando o Trail do Aloia, a XIII Eurocidade BTT, o X Torneo Mini Basquet Eurocidade, o I Torneo de Pump Truck Eurocidade, o I Trofeo de Hip Hop, a

Rampa do Monte Faro, o XII Campionato Ibérico de Kung Fu, o X Torneo de Judo Eurocidade, o XII Trofeo Eurocidade de Hoquei, o XII Torneo de Tenis, as 2 Leguas da Contrasta, o XII Trofeo de Baile Deportivo, e a X Urban Trail Night Eurocidade.

0 brillo da camelia

Un total de 75 expositores de Galicia, Asturias e Portugal participaron na XI Mostra da Camelia realizada os días 17 e 18 de xaneiro no Claustro da Catedral de Tui.



Récord de 2.000 participantes na San Silvestre Tudense

A IV carreira San Silvestre Tudense celebrada o pasado 31 de decembro acadou un novo récord con 2.000 participantes, pechándose a inscrición catro días antes do establecido inicialmente pola organización. A proba logrou recadar 3.500 €, doados polas persoas participantes, a favor da Asociación Española contra o Cancro. O evento, organizado polo Club Atletismo Tui e o Concello, contou coa colaboración da Policía Local e Protección Civil de Tui, da Radio Municipal



de Tui e o apoio económico de varias empresas tudenses.

PP: “despilfarro en videovixilancia”

O voceiro do PP de Tui, Nico Montes, anunciou que vén de presentar un recurso contencioso-administrativo contra a ordenanza municipal que regula o control do estacionamento mediante cámaras de videovixilancia, ao considerar que se trata dunha medida “innecesaria, desproporcionadamente custosa e lesiva para os dereitos da veciñanza”.

A ordenanza, aprobada en pleno municipal aproveitando a ausencia dun concelleiro, supón un “despilfarro” de 120.000€ para controlar a penas 50 prazas sen resolver “os problemas reais



de aparcamento”. Montes subliña que a ordenanza non mellora a mobilidade nin favorece ao comercio local, toda vez xera “serias dúbidas en materia de protección de datos e privacidade”.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

TUI

0 800 aniversario da Catedral en FITUR

O Concello de Tui presentou en FITUR, en Madrid, “Tui, Catedral de Historias” coa que promociona o 800 aniversario da consagración da Catedral de Tui.

Enrique Cabaleiro, alcalde de Tui, se referiu a este acontecemento como “de especial relevancia histórica, patrimonial e simbólica” así como de valor “turístico e económico” por ser “enclave fundamental” do Camiño de Santiago. O acto contou tamén coa intervención do director de Turismo de Galicia, Jose Manuel Merelles.

Por outra banda, o Centro Se-



farad-Israel en Madrid inaugurou a mostra “Os sambenitos da catedral de Tui: historia, memoria e infamia” na que estiveron pre-

sentes o alcalde Cabaleiro González, e o director Xeral do Centro Sefarad-Israel, José Thomas Lozano.

0 Entroido terá novo percorrido

BOPPO publicou as bases reguladoras da convocatoria para o Entroido a nivel provincial que, no caso de Tui, implica un cambio no percorrido do Concurso-Desfile de Entroido en Tui, que se vai celebrar o 17 de febreiro.

O novo percorrido do desfile partirá do Espazo Feiral e discorrerá polas rúas Mártires de Sobredo, Casal Aboy e primeiro tramo da rúa Compostela, finalizando no aparcamento municipal, onde se procederá á disolución das comparsas. Poderán participar

ata 12 comparsas e 3 grupos, competindo conxuntamente nas diferentes categorías de premios. O Concello lembra tamén que a participación no desfile leva consigo a asistencia obrigatoria ao Enterro do Bacallau, previsto para o domingo 22 de febreiro.

Networking empresarial Galicia- Norte de Portugal

Agrupación Europea de Interese Económico Transfronteirizo (AEIE) MERCATUS, creada polo Concello de Tui e a Confederação Empresarial do Alto Minho (CEVAL) organizou en Tui un networking que reuniu a 13 empresarios de Galicia e Norte de Portugal. Estiveron presentes Adegas Terras Gauda; Enjoysmile; Darlim; a Associação de Agricultores do Minho (Agresta); Comercializadora de Plantas de Galicia (Coplant); CZ Vaccines; a Sociedade Agro-Pecuária J. Pimenta; Plaintec, Obras y Servicios; o Ta-



laso Atlántico; Industrias Frigoríficas del Louro (Frigolouro); Ex-

plora Camino (Ideas Peregrinas) entre outros.

“Acuarelas”, unha retrospectiva

O Concello de Tui inaugurou na Sala Municipal de Exposicións, no Edificio Francisco Sánchez, a exposición “Acuarelas” de José Jesús Blanco Pérez, que estará exhibida ata o 27 de xaneiro.

Nesta mostra retrospectiva, o artista afincado en Tui presenta máis de cincuenta acuarelas nas que realiza un percorrido polas paisaxes da súa infancia, con



vistas e lugares emblemáticos de Tui, A Guarda, O Rosal e Valença, entre outros.

Febreiro de música, danza e teatro

O Concello de Tui presentou a programación do Teatro Municipal para o mes de febreiro cunha oferta cultural que combina música, danza e teatro, dirixida a todos os públicos e cun especial protagonismo para os artistas locais.

Participarán A Banda dos Insectos, un proxecto de música rock en galego; o concerto “El

mal de l'amor. The songbook of Gustavo Durán”, que contará coa participación do tenor argentino Jonatan Alvarado e o músico tudense Samuel Diz; danza con “O Arcón de Noa”, da compañía Amarelo; e a presentación do Teatro de Ningures con “As Gardiás”, unha peza teatral que reflexiona sobre os coidados á vellez.

Educación Eurocidade

Baixo o tema “Educación e Valores”, a Eurocidade Tui-Valença acolleu os días 30 e 31 de xaneiro o II Congreso Internacional de Educación da Eurocidade. O congreso estivo impulsado polo Centro de Formación do Vale do Minho, Proxecto Atlántida, Concello de Valença e Concello de

Tui, coa colaboración do Goberno de Portugal e España, Xunta de Galicia, Universidade de Vigo, Deputación de Pontevedra, entre outras entidades. Participaron profesionais como António Nóvoa, António Bolívar, Marco Bento, Florencio Luengo, María del Carmen García ou Jorge Américo.

Concerto polo 14º aniversario da Eurocidade

O Teatro Municipal de Tui celebrou o 7 de febreiro o concerto conmemorativo do 14º Aniversario da Eurocidade Tui-Valença, protagonizado pola Academia de Música

da Fortaleza de Valença e polo Conservatorio Profesional de Música de Tui. No evento estiveron presentes o alcalde de Tui e o presidente da Cámara de Valença, José Manuel Carpinteira.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

**forjados
hinos. durain s.l.**

www.forjadosduran.com

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Nova Biblioteca para o verán

O Concello da Guarda avanza nos traballos de transformación da antiga Casa do Concello de cara á apertura da nova Biblioteca Municipal e a Sala de Estudos, para poder ser utilizada a partir deste verán. As instalacións da Biblioteca terán zona de consulta, infantil e de lectura, medidas de eficiencia enerxética e postos de informática.

Para a adquisición do equipamento e mobiliario, o Concello conta con 61.000€. A inversión na reforma das cubertas chegou



aos 100.000€. A reforma no interior da primeira planta conta cun orzamento de 157.376€, coa subvención do Plan +Provincia.

Fidelidade lectora



Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, entregou os premios aos 15 usuarios e usuarias da Biblioteca Municipal "Espazo Isaura Gómez" que levaron máis libros en préstamos, un total de 589 his-

torias compartida. O principal gañador foi Xael González con 109 libros. Outros lectores destacados foron Herón Vicente e Zoe González, de seis anos cada un, e o septuaxenario Albino Prada.

Restauración do lavadoiro de O Sarabio

Cun investimento superior aos 48.000€, o Concello de Nigrán finalizou as obras de restauración do lavadoiro de O Sarabio, situado en pleno Camiño Portugués pola Costa e elemento patrimonial e



etnográfico municipal.

Por outra banda, o Concello vén de licitar as obras da rúa Pateira cun importe de 195.665 euros con cargo do Plan +Provincia. Estes traballos, cun prazo de execución de tres meses, be-

Polo industrial transfronteirizo

O Comité de Xestión Estratéxica da Eurocidade Cerveira-Tomiño reuniuse para avanzar nos proxectos destinados a transformar o polo industrial transfronteirizo coa iniciativa "Eurocidade Intelixente" que recentemente captaron unha axuda europea de

400.000 euros para realizar proxectos por valor de 520.000 euros. Estes investimentos servirán para consolidar o polo industrial crear un ecosistema emprendedor máis competitivo, e permitirá dar impulso definitivo ao Parque Agroindustrial, actualmente en tramitación urbanística.

"Val Miñor en 15 minutos"

Os Alcaldes de Baiona, Gondomar e Nigrán reuníronse coa Deputación de Pontevedra para avanzar na implantación do proxecto de mobilidade "Val Miñor 15 minutos", financiado con Fondos FEDER para promover un desenvolvemento urbano sostible. A iniciativa está pendente de asinar os convenios coas entidades locais.



Artística Teatro & Danza

A partir do 6 de febreiro, o Concello de Oia puxo en marcha unha nova edición dos obradoiros de teatro veciñal, dirixidos tanto a pú-

blico infantil como a persoas adultas, unha proposta cultural consolidada que promove a creatividade, a participación e o encontro entre a veciñanza.

"Arraiadas" de humor

Chirlomirlo Teatro presentouse no Auditorio Municipal do Rosal con Arraiadas, unha comedia baseada en feitos reais da posguerra no Baixo Miño a través dun compendio de relatos fronteirizos cun fio condutor claro: o

trapicheo que as xentes humildes do Baixo Miño realizaban para saír adiante. Para garantir o rigor histórico, a obra contou co asesoramento da historiadora tomiñesa Natalia Jorge, referente internacional no estudo da raia.

Música por Palestina

O Auditorio Municipal do Rosal acolleu un concerto de solidariedade con Palestina organizado polo Colectivo Carballas e Baixo Miño con Palestina en colaboración coa Agrupación Musical do Rosal e o Concello, baixo a batuta do director Javier Alonso.

Trail Muíños de Folón

Uns 500 corredores participarán o 22 de febreiro no Trail Adventure Muíños de Folón, declarado Ben de Interese Cultural (BIC) pola Xunta de Galicia. A proba contará cun dúas modalidades: 21K e 12K. Os corredores inscritos recibirán a camiseta oficial deste evento, recentemente presentada.

CENTRO DE ESTUDIOS TIZAS

VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

INMOBILIARIA VAL MIÑOR

Tlf. 986.369.976 - Móvil: 639.894.796
 inmovalmenor@inmovalmenor.com
 Avda. de Elduayen, 22 baixo. 26380 - Gondomar

Síguenos en

www.inmovalmenor.com

O Tunel apas

Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

Por Baldomero Iglesias Dobbarrio. Mero.



Resulta imperdoable

lánzase á carreira do petróleo e facerse donos do mundo coa apropiación das súas materias primas, guerras e invasións, ameazan outros estados. A un tempo presumen de seren quen de parar guerras, claro acabando con eles todos. Non miran danos colaterais: a lei son eles e utilizan aos outros para o seu beneficio. Un ataque directo ás liberdades, a todas. Dálles igual o que digan, o que pensen, aos seus cómplices tamén. Negacionismo, cobiza, ataque aos máis vulnerables, destrución e guerra son os horizontes previsibles en calquera obxectivo, beneficio propio. E nós sabemos que son os iluminados de sempre, veñen derrocar gobernos para extraer as súas reservas e ameazar a orde mundial a cambio dos seus potenciais intereses, reservas do poder, beneficios que farán máis pobres a moitos pobos e nacións.

Os de por aquí, agora que se ven envoltos nesta liada, cagan pola pata abaixo no medio das dependencias que se inventaron e dos ultra-procesados, dos extremo-duros e brandos, no medio do descrédito xeral que non dá patente de corso e que nos paraliza diante da estupidez absoluta do absurdo. Mirámonos no espello preguntando por esa xente que tiña a

obriga de ter todo previsto, por iso cobraban grandes dispendios, e que nos pilla a todas e todos sometidos á vontade duns tolos de atar. Si, foron e fomos uns ineptos e crédulos, confiados na orde internacional que, agora, pasaron pola ponte de Rande. Estamos xa no medio dunha confrontación de triste recordo anque agora, de máis calado. Chegou a ruptura de todas as normas, reviráronse os cabalos contra os indios, ascenden as violencias nunha constante confrontación xudicial e política que remexe os intestinos e dá noxo, diante da mudez do mundo que aínda non sabe reaccionar no seu asombro. As emerxencias ecolóxicas quedaron traspasadas no medio do caos e do roubo, da mentira, do fracaso humano, outra vez contabilizado contos e díxome-díxomes.

A verdade é que todo isto comezou antes. Si, na xente que nos rodea e que foi quen de mentir e de roubar, de difamar, de utilizar aos demais para os contubernios de sempre. Ás agachadas, nas redes sociais -mentireiros de covardes- desde os seus propios procederes diarios, sempre tan educados e calados tramando as maiores ousadías xamais imaxinadas. A pelota foi medrando e acabou a paz. Toca estar alerta de calquera acusación, por mor dos que tomaron a equidistancia como bandeira, sempre cautos, tan responsables eles, tan traidores e que non se mollaron nin souberon ver onde estaba o verdugo, cales eran as vítimas e así obrar en consecuencia.

Si, consentiron ocultar a verdade e sumáronse a esa aliañación ideolóxica perturbada da mentira. Quen se meteu detrás da ramalleira para fa-

cer o seu agosto chegando a negarse a si mesmos e esqueceron o reparto do ben común. Decía un bo amigo meu: “A luz será quen os delate, ...e a onde ir que non amañeza?”. Si, son toda esa xente de frases lapidarias, de insulto ás agachadas, de claridade ideolóxica, cando lles convén, que escorren o problema cando lles toca dar a cara. O fascismo está aquí, así se lle permitiu chegar e anque falan de liberdade sendo reaccionarios, falan dun sistema anti-sistema, terra-planistas e anti-vacinas, des-acomplexados. Cheos de ousadía e mentiras difunden as proclamas que verten terror e medos. Fragmentan e polarizan aínda máis, van por libre rompendo normas e valores na hostilidade e nas ameazas, na destrución e guerra, coas fames e as mortes. Xa está aquí ese monstro aterrador que invade e coloniza, ese tirano imperialista expansivo que ri de todos e fai burla. Entrou da man de tantos traidores que tamén estaban no arredor e miraron equidistantes para outro lado. Sería un bo exercicio mirarse ben no pasado propio e recente para agora descubrir o que ninguén quixo lembrar. Todo isto comezo antes no arredor e resulta imperdoable.



Por Nemésio Barxa

O jardim invadido

Por outubro de 2.022 Josep Borrell, daquela Alto Representante da Unión Europea para Assuntos Exteriores, no magnífico discurso de inauguración, en Bruxas, de curso da Nova Academia Diplomática Europea, manifestou, entre outras reflexións: “Europa é un jardim. A melhor combinación de liberdade política, prosperidade económica e coesão social que a humanidade puída construír. A maior parte do resto do mundo é uma selva e a selva podería invadir o jardim. Os europeos teñen que estar muito mais comprometidos com o resto do mundo. Do contrario o resto do mundo nos invadirá por diferentes medios e formas”. Esta metáfora de jardim fronte á selva originou diversas críticas ao discurso por considerá-lo “colonialista” e desprecio ás anti-



gas colónias latino-americanas, africanas ou asiáticas, críticas que, curiosamente, chegam de regímenes autocráticos, teocráticos ou ditatoriais desconhecedores do dereito á liberdade. Borrell defendeu-se de estas críticas negando que seu discurso

fosse uma mensagem supremacista, racista ou etnocistas, era uma mensagem de solidariedade, de que não é inteligente levantar muros senão mudar a composição da jungla, de que os europeus temos que comprometermos mais para sobrevivência do nosso sistema político.

As críticas não tiveram sucesso nem na União Europeia nem no exterior. Passaram os anos e as políticas mundiais foram tomando perigosos derroteros. Pode ser que no discurso do Sr. Borrell houvesse alguma reminiscência, como selva, para aqueles países, ex-colônias ou não, anti-democráticos, mas eu penso que o temor e a referencia eram mais concretas, eram os movimentos reacionários, neoliberais e xenófobos, eram o Trump, Putin, Orban, Meloni, Millei e similares.

E así temos hoje o jardim já assaltado sem dissimulo por Trump à frente dos USA. Trump assalta a União Europeia, tra-

dicionalmente amiga e aliada, com os prolegômenos para violar a soberania de Dinamarca sobre parte de seu território, e decidindo o futuro de Ucrania da mão de Putin. Ou alentando os movimentos reacionários a través de seus acólitos, Orban. Meloni, Abascal.

Trump já avança na desmontagem da ordem mundial de acatamento relativo ao sistema de garantias estabelecido desde a Segunda Guerra mundial e irrompeu para um mundo sem mais regras que as do mais forte, sem atender nem ao Direito Internacional nem a Carta da ONU, com total impunidade e sem reação da timorata UE. A Selva. Não era ilusória a necessidade dos europeus de comprometer-nos mais para sobrevivência da nossa identidade e do nosso sistema político.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Aceleradora en Seguridade e Defensa pioneira en España

O delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca, David Regades, e o presidente de ASIME, Justo Sierra, a través do seu grupo de seguridade e defensa SECDEFENSE, presentaron en Vigo a que será a primeira aceleradora de España de Innovación, Desenvolvemento de Negocio e Internacionalización en materia de Seguridade e Defensa.

O obxectivo é aproveitar o potente ecosistema industrial galego e a necesidade de novos proxectos estratéxicos europeos da man de empresas e entidades tractoras como Urovesa, Indra ou Navantia, pero tamén integrando ás pemes e startups, con innovación dual,



civil e militar, e a creación de emprego cualificado.

Actualmente, unhas 30 empresas galegas xa operan nesta área, xerando 3.500 empregos, pero ASIME busca involucrar a 150 empresas nos próximos 10 anos,

o que podería xerar ata 5.000 novos empregos en Galicia. Tras unha xornada Demo Day de presentación ante o Comité Técnico se seleccionarán un máximo de 10 proxectos que poderán participar na Aceleradora.

Os retos do TIC en Galicia

O Consello Consultivo de INEO, a patronal das empresas TIC en Galicia, realizou a súa xuntanza na sede da Zona Franca de Vigo para analizar diversos proxectos de intereses como o VgoTIC Global Hub, que acollerá a Incubadora de Alta Tecnoloxía StartTIC. Na xuntanza tamén estiveron presentes representantes da UVigo, USC e UDC, do Consello Galego de Cámaras de Comercio, a Confederación de



Empresarios de Galicia, o Colexio Profesional de Enxeñeiros en Informática de Galicia, o Colexio

Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia, CTAG, Gradient, Abanca e Banco Sabadell.

Apoio ao emprendemento universitario



A Zona Franca e a UVigo reforzaron o seu convenio de colaboración para impulsar o emprendemento no ámbito universitario a través do proxecto INCUVI e o servizo SUCEDE.

O delegado do Estado David Regades mantivo unha xuntanza con Natalia Caparrini, vicerreitora de Estudantado e Empregabili-

dade; e Maruxa Álvarez, directora da Área de Emprego e Emprendemento da UVigo para reforzar estes proxectos. A preincubadora INCUVI celebra este 2026 a súa 13ª edición orientada na formación e mentorización durante un período de 7 meses. Entre outras iniciativas dentro deste programa están o INCUVI-AVANZA e INCUVI CONSOLIDA.

Liderar a transición cara os robots humanoides

O director xeral do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), Luís Moreno, e o Delegado do Estado para a Zona Franca de Vigo, David Regades, acordaron impulsar o proxecto de transición cara o uso de robots humanoides na industria coa vista

posta na concreción do Polo Tecnolóxico de Humanoides.

Este Polo, único en Europa en materia de I+D, industria, goberno e cidadanía, contará cun laboratorio de referencia para o desenvolvemento de solución e un polo tractor para captar investimentos.

